



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO OBRADOIRO DE EMPREGO

Faise público, para xeral coñecemento, que vai dar comezo un Obradoiro de Emprego, a impartir entre os Concellos de Monfero, Aranga, Irixoa e Vilarmaior, para a obtención dun Certificado de Profesionalidade na seguinte especialidade:

CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE de **Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes.** Código: AGAR0309

- Familia profesional: Agraria
- Área profesional: Forestal
- Nivel de cualificación profesional: 1
- Cualificación profesional de referencia: AGA399_1 Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (R.D. 1179/2008, de 11 de xullo publicado no BOE núm. 180, de 26 de xullo de 2008)

O obradoiro terá unha duración de nove meses, sendo o día 02/12/2024 a data, inicialmente, prevista para o seu inicio. Impartirase formación teórica e práctica para a obtención do certificado de profesionalidade indicado.

Poderán participar **20 alumnos** que deberán ter unha idade igual ou superior aos dezoito anos, estar desempregados e inscritos como demandantes no Servizo Público de Emprego de Galicia nos códigos seguintes: 320 (Escola taller programas), 330 (Casa de Oficio), 340 "Obradoiros de emprego"; ou 370 "Outros programas de formación de emprego, formación dual".

Os que desexen participar na selección deberán cumprir os requisitos anteriores e inscribirse, en caso de non estalo, na súa Oficina de Emprego nos códigos de Obradoiros indicados no parágrafo anterior

Os alumnos seleccionados percibirán o salario mínimo interprofesional durante todo o período de formación.

Toda a información sobre o proceso estará a dispor de todos os interesados nas oficinas municipais dos distintos Concellos participantes.

Monfero, 5 de setembro de 2024
O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo.